

“É un mito a idea de que as culturas ‘periféricas’ do Estado español se comprenden entre si”

Entrevistas, Poesía

Montse Dopico 29/12/2014

“Toda lingua de escrita é un artificio ou unha recreación”. Eduard Velasco, o gañador do último premio de poesía Pérez Parallé, é moi consciente disto. Como o é dos lugares e do seu significado.



‘Espirse para pechar unha casa’. Eduard Velasco

Di Eduard Velasco que, para el, a escrita é como unha festa, unha celebración. E iso nótase no poemario co que vén de gañar o Premio de Poesía Pérez Parallé, ‘Ruído de trens’. Versos -testemuño do lugar. Das sensacións. Dos encontros. Dos afectos. Procurando, sempre, o ritmo. E a palabra xusta. Falamos con el deste libro e do seu traballo como divulgador da cultura catalá en Galiza e da cultura galega en Cataluña.

Por que lle chamaches ao libro ‘Ruído de trens’?

Vén dos versos que cerran un dos primeiros poemas: “o ruído dos trens / co que me tapo / son faros cruzándonos os corpos / pola estrada da noite”. Nos últimos dous anos traballei con moita intensidade nun proxecto fotográfico que rematou nunha exposición titulada ‘A casa de Cereixa’. Un vello compañeiro, o Xoel, volveu habitar a casa dos seus avós, a Casa do Izquierdo, que é unha vivenda tradicional da parroquia de Cereixa, na Pobra do Brollón. A casa levaba máis dunha década parada sen xente e el reabriuna. No proceso de devolverlle a vida colaboramos ou participamos amigos e amigas. Nesa casa fomos felices e creamos un espazo para a conversa, para a lectura, para a creación, para a fuxida... Nas fotografías quixen reflectir ou gardar a memoria desas experiencias.

Unha das imaxes tituleina “O camiión do leite”; nela, vese unha fiestra coa primeira luz do amencer que ten as cortinas iluminadas coa luz dos faros dun camiión. A casa está situada a rentes da estrada e cando pasan os camiións, ou os coches, treme toda. Ese cuarto sempre o tiveron reservado para min, e na cama onde morreu o bisavó do Xoel pasei moitas noites, algunhas de insomnio e medo e outras de amor e de palabras, sempre co ruído dos camiións estremecendo a fiestra ao pasaren velozes por esa recta longuíssima. Despois estiven un tempo vivindo nun edificio, en Portugal, que estaba entre o mar e as vías do tren. Cada vez que pasaba

un tren e sentía o ruído desde a cama parecíame que seguía no cuarto de Cereixa. Eses trens pasando convertéronse no símbolo das mensaxes, ou das viaxes de ida e volta, que cruzaba cunha persoa que comecei a coñecer na cama dese cuarto.

Hai unha estrutura que se repite: poemas con dúas partes... Por que?

O poemario ábrese cun poema a xeito de limiar que quere ser unha desculpa humorística por facer poemas de amor, ou polo menos cría que falaban diso, agora xa non o sei. Parecíame que, con todas as cousas interesantes que se fan neste momento en poesía, non achegaba demasiado escribir sobre o amor e de aí que comezase case pedindo perdón por facelo. Agás esa apertura e o poema final, que é un pouco testamentario, o corpo central do libro está composto por un poema en verso libre seguido doutro en hendecasílabos (ou, contando á catalá, en decasílabos, que é o mesmo). Non é que reivindique a métrica, simplemente creo que non temos que prescindir dela cando nos pode axudar.

O verso libre permitiume falar dun xeito máis pasional e, a métrica, desde o acougo e a serenidade. Nuns versos hai paixón e estoupido e nos outros reflexión e pensamento. Cando escribo en verso libre pódeme saír un poema moi rápido, pero logo repásoo durante horas ou días. A métrica, en cambio, axúdame a pensar máis, é coma un tear no que tes o urdido preparado e só cómpre que vaías pofiendo os fíos, sempre procurando a boa combinación. Entón, vouno completando con palabras máis acertadas, tardo moito en escribilo pero unha vez o acabo case non teño que corrixir ou refacer.

Contabas antes o da casa, e con iso ten moita relación o libro: cos lugares. E coas sensacións asociadas a eles.

É certo que lle debo dar moita importancia ao lugar, porque eu tiven sempre consciencia de non ter un lugar, no sentido dun espazo ao que volver e onde poder dicir “eu son de aquí”. A miña familia leva un século establecida en Barcelona e proviña de Murcia, de Cádiz e de Zamora. Cando alguén fala de “inmigrantes ilegais” son o que se encarga de lembrar que unha nosa tataravoa foi camiñando de Lorca ata Barcelona a principios do século XX, con tres fillos pequenos. A pesar desas migracións, todos eran urbanos. Nunca houbo unha aldea, unha horta, unha casa de referencia e nunca ninguénolveu, ás veces nin de visita, ao lugar de onde saíu.

A contrapartida supoño que é que o feito de ser de cidade che permite escoller onde queres estar sen demasiado problema. Pero tamén fai que sinta que nunca vou poder ser de ningún sitio, aínda que iso non queira dicir que sexa un cidadán do mundo e que non saiba de onde son. En Santiago sempre tiven a sensación de que é unha cidade ficticia que pode facer as veces da aldea ou do lugar ao que volver que moitos non tivemos. Sinto certa envexa por quen ten onde volver e pode dicir “eu nacín aquí” ou “eu son desta casa”. É certo: a min interésame máis o lugar que os feitos que acontecen nel, ou o tempo no que suceden. Sobre todo eses lugares aos que hai xente que ten a sorte de pertencer.

Hai, no libro, un dobre movemento de fascinación pola palabra e de distanciamento cara a ela. Por que?

Pois é o mesmo que pasa co lugar. Podemos cargar un espazo de significado pero sempre a posteriori e a través das palabras. Facémolo tamén no amor: construímos un discurso para explicar ou xustificar algo que, no fondo, debe ser moi simple e é produto dunha reacción química ou da atracción sexual, aínda que a xente despois che dea unha explicación totalmente lóxica e racional. A min faimo moita graza.

Quero dicir que unha cousa son os feitos e outra a disertación que montamos arredor deles, aínda que isto xa o explicaron moito mellor outras persoas e, precisamente, mesmo sen discurso, directamente na linguaxe poética, que é algo que admiro. A min fascíneme a palabra, a linguaxe, a forma de contar, e é o que máis me interesa cando leo unha novela, moito máis que a estrutura ou o argumento. A linguaxe dános a posibilidade de construír algo que non se corresponda coa realidade aínda que nos convenzamos de que si.



Eduard Velasco. Foto: Alicia Fernández

A memoria, o recordo, tamén está moi presente no libro.

Sempre lle dei moita importancia á memoria, ao que a xente me contaba e, volvendo ao de antes, sobre todo se mo contaban ben. De pequeno sentaba a carón dos meus avós e pedíalles que me contasen cousas, que mas “explicasen”, como dicimos en catalán. Cando morreron o que máis pena me deu –alén da propia morte, claro– foi que se perdese a memoria viva da Barcelona vella durante a República e a Guerra Civil.

Non por unha sorte de fascinación polo pasado, senón pola construción que a memoria fai de cousas ás que nós xa non podemos acceder, e pola maneira de reconstruír os lugares e as imaxes. A veracidade é o que menos me preocupa. Este libro é un pouco, nese sentido, a memoria dun tempo concreto que quixen conservar.

O ritmo está coidado. Se cadra tanto ou máis que a palabra xusta.

Procuo coidar o ritmo, si, paréceme básico que un texto, sexa poético ou non, teña ritmo e flúa ben. Mais tamén busco a palabra concreta co traballo de depuración do que falaba antes. En realidade, entendo a literatura como un monumento á palabra. A literatura son palabras, non feitos, sendo moi consciente, como che dicía, de que é unha construción. Porque a palabra que consideramos exacta se cadra non é a axeitada, e xa nin me preocupo de se é a verdadeira.

Pode ser que o inventase, pero en filoloxía existe un concepto que é o de “orixinal querido”, que non se refire ao orixinal dun manuscrito do que virían as copias, senón ao texto que o autor tiña na cabeza e quixo pasar ao papel sen conseguilo, porque sempre hai erros ou enganos. Se imos máis alá, tampouco podes traducir exactamente o que tes na cabeza. Así que xa podo afinar moito co sentido das palabras, que total...

Xa tiñas algunha outra cousa publicada. Polo menos en medios en comunicación. E gañaras o Leiras Pulpeiro, do concello de Mondoñedo.

Publicara cousas en revistas ou fanzines, moitas veces con pseudónimos, pero nunca me presentara a premios. Decidín probar, animado por persoas do meu entorno que me leran e me dixeran que estaba ben o que escribía, e tamén porque houbo proxectos laborais que non saíron adiante e, claro, agradezo moitísimo a posibilidade de ter unha pequena axuda económica grazas a algo que me gusta facer. É así e non hai porque non falar diso.

En canto ás colaboracións en medios de comunicación, eu considero que o que se escriba con vontade de estilo é literatura. Un tipo de escrita lévate a outra e escribir un artigo para un xornal non é tan distinto de facer un poema. Ao contrario, é unha aprendizaxe fantástica: tes un espazo determinado e tes que conseguir as palabras xustas para que se entenda o que queres dicir. A linguaxe é diferente, pero o discurso xornalístico, coma o político, tamén está cheo de imaxes e de metáforas.

Escribes en galego e en catalán, supoño.

Escribo en catalán e en galego, si. Nos últimos anos máis en galego porque vivo aquí, porque é a lingua do meu entorno. Un artigo, obviamente, na lingua da publicación ao que vaia destinado. No caso da creación, se poetizo unha experiencia, é normal que me saia na lingua do entorno no que se deu. Ou, simplemente, é ese entorno o que me leva a escribir nunha ou noutra. Se a lingua na que máis falo coa xente do meu redor é o galego, é normal que escriba en galego

porque é a xente que me vai ler ou á que vai ir destinado o texto.

Se no meu entorno dominase o castelán (e falo dun castelán real, que fose a lingua da terra na que vivise e no que a tivese que comprender), acabaría poetizando as experiencias en castelán. Outra cousa é que decidise pasalas ao papel ou dalas a coñecer. Eu falei sempre en español co meu pai e en catalán co resto da familia, e agora o galego é a lingua na que falo a maior parte do día. Na miña vida académica ou profesional, dominou unha ou a outra segundo o lugar ou a etapa. Ademais, moitas veces empregaba un mesmo idioma pero iso non quería dicir que falase igual.

Teño tres linguas e que non escriba politicamente non significa que non teña consciencia da situación política que hai detrás de cada unha. Horrorízanme as interpretacións románticas en clave de beleza ou de atracción. Vivo na Galiza e vivo en galego, polo tanto, agora escribo así. Doutra banda, poño moi en cuestión o concepto de lingua materna en relación á naturalidade do idioma da escritura. Falamos coa boca e escribimos coas mans, así que algo de diferenza ten que haber na linguaxe que se emprega. Toda lingua de escrita é un artificio ou unha recreación.



Eduard Velasco. Autorretrato

En relación con iso, cando gañaches o Pérez Parallé, varios titulares salientaron que “un catalán gaña”... Que che pareceu?

Pois molestoume bastante, a verdade, porque me parece absurdo que iso se destaque. Aínda que a cousa se resolveu soa dunha maneira graciosísima. A nota de prensa que se emitiu puña “calatán” en vez de “catalán”. Como me dixou unha amiga en broma, “calatán de Calatania”, e pasouseme o enfado grazas á xustiza poética. Se eu escribise sobre a identidade, que doutra banda é algo que me gustaría ser quen de facer, se cadra tería sentido destacalo. Ou se ser catalán implicase unha práctica poética determinada.

Tamén houbo quen vos acusou de “amañar” o premio. Gonzalo Hermo xa respondeu nas redes sociais.

Si, foi alguén que o puxo na Galipedia, e non sei se sería unha broma. É moi divertido pensar que foi en serio e especular sobre quen puido ser. Se é real que alguén lle molestou tanto que gañase o premio, xa dixeran que me parecía moi emocionante sentir ruído de coitelos que se afiaban tras de min. Non lle dei importancia porque non me molestou, pero aproveitei para darlle publicidade ao libro, xa que alguén tivo a xentileza de comezar a facelo.

Hai xa uns anos que vives aquí. Viñeches para estudar Filoloxía Galega?

Empecei a vir á Galiza no 2001, cando comecei a estudar galego en Barcelona, mentres cursaba Filoloxía Catalá, e vivo aquí desde o 2006, con algunha interrupción. Ninguén lle cuestiona a un biólogo porque dedica os seus esforzos a un paxaro e non a un elefante, pero aos filólogos si que se nos pregunta porque estudamos unha lingua e non outra, cando o raro sería que non estudásemos ningunha.

Quería aprender galego e paréceme moito máis lóxico aproveitar a carreira para estudar un idioma ao que é máis difícil acceder fóra da universidade, porque a oferta é limitada. De feito, acabeime licenciando tamén en Filoloxía Galega. Ademais, no meu caso a lingua foi unha escusa para coñecer e estudar unha literatura e unha cultura. É dicir, para coñecer un país. Barcelona é

un lugar excepcional para aprender a lingua e a cultura galegas, porque hai un tecido asociativo e un movemento cultural galego en galego que é un luxo. Comecei coa lingua, seguí coa literatura e despois veu o resto, como traducir dunha lingua á outra.

Así es visto, como un divulgador, unha persoa que fai de ponte entre as dúas linguas.

Si. Interésame divulgar a cultura catalá na Galiza e a galega nos Países Cataláns. É un mito a idea de que as culturas “periféricas” do Estado español se comprenden entre si, e xa o mero feito de pensalo indica onde nos enmarcamos. Aínda que si que é certo que se coñece mellor a cultura catalá na Galiza que a cultura galega en Cataluña. Entre outras cousas, porque hai moitos galegos que viven, ou viviron, en Cataluña, e non ao revés.

A prensa española que se fai na Galiza fala de Cataluña para deostala e demonizala, e a prensa galega moitas veces dá unha visión alterada por unha certa admiración ou polo feito de tela como un referente, é moi absurdo. En ‘A Nosa Terra’, por exemplo, ata que houbo o cambio na liña editorial, contra o ano dous mil, si que había debate e unha ollada máis crítica, aínda que non faltaba admiración. E Cataluña adoita ignorar todo o que pasa na Galiza.

Máis alá de persoas concretas, hai pouco interese nos medios de comunicación: cando hai eleccións, dedican o mesmo espazo ás galegas que ás vascas, para non quedar mal. Se non, o espazo que lle ceden é mínimo. Por exemplo, proporcionalmente hai moitas máis traducións de literatura catalá ao galego que de literatura galega ao catalán, cando en catalán, redondeando, se editan dez veces máis libros ao ano. E hai que valorar o traballo que están facendo moitos colectivos, como os que están integrados na Asemblea Cultural Galega de Barcelona, para que o resto da sociedade catalá participe e se interese polas actividades da comunidade galega.

É verdade que desde aquí se mira a cultura catalá con certa admiración... e se cadra certo complexo. Son realidades diferentes... Que pensas ti?

Cómpre termos en conta que a visión que temos uns dos outros está interferida polo Estado español e pola supracultura española que non deixa que nos miremos directamente, ademais de polas imaxes erróneas que transmiten os medios... De entrada, son sociedades moi distintas, comezando polo número de habitantes: case tres millóns fronte a sete millóns e medio. Na Galiza case non hai inmigración e Cataluña non se entende sen ela, o que fai que a situación da lingua tamén sexa moi distinta.

Quen non fala en galego na Galiza vén de familias que abandonaron a lingua; quen fala castelán en Cataluña vén de familias que proceden doutros lugares do estado, ou hoxe de América, e iso non quita que non fale tamén en catalán. O mesmo concepto terrible de “neofalante”, que alí non existe. Ou falas, ou non falas, e podes falar mellor ou peor, pero non vas marcado. En Cataluña non entenden que pasa co PP na Galiza, pero non ven que CIU funciona do mesmo xeito e tamén como unha rede clientelar, só que alí Convergència é considerada catalanista e o PP españolista.

Son sociedades moi distintas e non podemos aplicar os baremos dunha para medir a outra. Non digo que eu saiba interpretalas á perfección e entenda todo o que pasa. Só digo que xa é moi difícil tentalo entender e explicar como para que, por riba, todo sexan pexas desde as institucións e desde os medios de comunicación que fomentan as interferencias, a confusión e os tópicos.

Xa que falas dos medios, é diferente ver o proceso soberanista desde alí que se só tes a versión dos medios españois. O tema identitario, por exemplo, non conta tanto. Nin o económico.

É que a identidade non se entende igual. En Cataluña enténdese como a posibilidade de sentirte identificado cun país e cunha cultura por unha cuestión de vontade, sen que iso exclúa outras. Ser catalán é unha opción. Isto creo que se explica polos millóns de persoas con apelidos non cataláns aos que nunca lles pasou pola cabeza ser outra cousa. Tamén hai moita confusión porque os medios, nun intento de deslexitimalo, tenden a presentar o independentismo como un invento de Artur Mas.

Sobrevalórano e outórganlle unha capacidade de mover as masas que sería propia dun ser sobrenatural. El non organiza manifestacións, non é o guía de nada, senón que se puxo á cola dun movemento que xorde da sociedade civil no que hai centos e miles de persoas traballando desde hai décadas. Aínda que non sei se é un intento de deslexitimar ou é que, realmente, non entenden nada e non teñen nin idea do que pasa. O independentismo é un movemento de bases, transversal a todas as clases sociais e a todo o espectro político. Os partidos políticos foron, nisto, detrás da cidadanía.

E a clave do éxito tamén é que este movemento é unha festa. Nunha época escura de auténtico terror social, o independentismo xera ilusión e dá a posibilidade de construír algo novo, de imaxinar como queremos que sexa a sociedade e o país do futuro. Non é que vaia ser a solución a todos os males ou que todo sexa perfecto, e a independencia sería só o principio, pero polo menos hai unha ilusión, a esperanza de que as cousas poden mellorar, que se faga outra política, que a economía sexa máis xusta, que os dereitos básicos estean garantidos. A proposta vai moito máis alá da lingua e da identidade. Mentres perden o tempo esbardallando, en

Cataluña deséñanse estruturas de estado. O Estado español non permite ningunha negociación e converteuse nunha fábrica de independentistas. Se fose a súa intención, habería que felicitálos.

Fáltame a pregunta de rigor sobre o que significa para ti recibir o premio...

Agradecín moito os dous premios, claro. Está ben saber que gusta o que fago e anímame a seguir. E repito que non vou negar que os cartos me foron moi ben. Polo menos poderei dicir que vivín uns meses da poesía. A máxima aspiración sería que o que escribín fose fermoso, que estivese ben escrito, que non soase mal nin fose de mal gusto. Para min, a escrita é como unha festa e ten que ser alegre. Se tivera que definilo en poucas palabras, 'Ruído de trens' é o meu primeiro intento de escribir un conxunto traballado, con unidade e que consiga transmitir o que eu quero dicir. Para min, que son especialmente inconstante e caótico —'tastaolletes', como sempre me dixo miña nai—, é un pequeno pero moi importante éxito persoal, comparable a cando puxen punto e final á primeira novela que traducín.